UNIDADE DIDÁCTICA 1. A PREHISTORIA E A HISTORIA ANTIGA DE GALICIA

INDICE

1. Paleolítico e Neolítico
1.1.Paleolítico e Epipaleolítico
1.2. Neolítico e Megalitismo

2. Idade do Cobre e Idade do Bronce
2.1 Idade do Cobre ou Calcolítico
2.2 Idade do Bronce

3. A Cultura Castrexa

4. A Romanización

5. O Reino Suevo e Visigodo

6. Bibliografía

1. PALEOLÍTICO E NEOLÍTICO

1.1. Paleolítico e Epipaleolítico

Os máis antigos poboadores do territorio que hoxe recibe o nome de Galicia seguen cubertos polo veo do misterio. Na actualidade estanse a achar indicios que permiten deducir que existe poboamento ininterrompidamente dende unha data indeterminada do Paleolítico(en torno aos 300000 anos a.C ata a actualidade. Os primeiros habitantes dos que temos noticias certas son os *oestrymnios*, pobo que podemos inserir no mundo atlántico, comúns cos países bretóns, ingleses e irlandeses, e que permaneceron ata a chegada de Roma. Porén, parece verificado que outras tribos de diversa procedencia contribuíron á formación do que podemos denominar etnia galega, entre as que podemos citar a título de exemplo os albións, os eurros, os tiburos, os bibalos, etc. Posteriormente, a todos eles uniranse xa na Idade do Ferro elementos europeos como os *celtas* e, máis tarde, romanos e xermánicos.

O termo Prehistoria designa un período cronolóxico que vai dende a aparición do primeiro ser humano ata a invención da escritura, hai aproximadamente uns 5.000 anos. En xeral, os límites cronolóxicos desta etapa son moi difíciles de precisar en todas partes do planeta, pero a isto engádeselle en Galicia a escaseza de restos óseos humanos achados. A información esencial da que dispoñemos acerca deste período obtívose dos xacementos de Gándaras de Budiño (Pontevedra) e de Toén (Ourense), así como de abrigos rochosos como os de Muras ou Vilalba na provincia de Lugo. Todo parece indicar, de acordo cos vestixios dos que dispoñemos, que unha característica da prehistoria galega é o retraso cronolóxico fronte á prehistoria xeral. Isto explicaría que pezas achadas en xacementos como os de Gándaras de Budiño datadas entre os anos 26000 e 18000 a.C. estean fabricadas con técnicas máis primitivas cas que nese momento se aplicaban noutros lugares do continente.

Os primeiros períodos da Prehistoria en Galicia, o Paleolítico e o Epipaleolítico ou Mesolítico, desenvólvense no noso territorio ata o quinto milenio a.C. Non hai acordo entre os investigadores á hora de referirse á etapa anterior ao Neolítico como Epipaleolítico ou como Mesolítico (8000-7000 a.C). En todo caso, dende o punto de vista socioeconómico, ambos períodos caracterízanse por unha economía de tipo depredador (fase nómade de caza-recolección) e por unha sociedade relativamente igualitaria estruturada en pequenas unidades superiores á familia biolóxica (bandas), que serían as responsables das tarefas produtivas.

As actividades económicas fundamentais son a caza, a recolección de froitos silvestres e a busca de combustible e materias primas en zonas próximas aos campamentos-talleres Así mesmo, hai una actividade artesá dedicada á talla de diversos utensilios de pedra destinados a labores de caza e a tarefas domésticas, que na derradeira fase do Paleolítico, o Paleolítico Superior, e no Epipaleolítico adquirirán unha maior complexidade técnica (pezas máis pequenas). Nestas etapas inmediatamente anteriores ao Neolítico a actividade destes grupos humanos realízase en abrigos rochosos debido ao clima máis frío e húmido na glaciación de Würm ou Wisconsin (80000-8000 anos a.C.). Un exemplo do nivel de coñecementos técnicos deste período son os restos de cor que aparecen nestes abrigos, probablemente con fins de pintura corporal ou mural, que permiten deducir que xa coñecían a fabricación de pigmentos. Así mesmo, no Epipaleolítico o número de cazadores diminuiría, sobre todo nas comarcas costeiras, debido á unha notable práctica do marisqueo que se reflicte na acumulación de cunchas que constitúen un novo tipo de xacemento arqueolóxico denominado *cuncheiro*.

Socialmente, os núcleos humanos presentan maior densidade nas comarcas costeiras meridionais, pero en ningún caso constitúen asentamentos estables, senón campamentos de cazadores de cervos, corzos e elefantes e recolledores de froitos silvestres. A estrutura e tamaño das comunidades humanas destes períodos atópanse moi condicionadas polo modo de produción, baseado como dixemos na caza-recolección. A poboación aparece articulada en torno a talleres e fogares de reducido tamaño, auténticos centros da vida social e económica, en células compostas por varias familias que comparten as tarefas diarias. Non existen indicios de ríxidas estruturas xerárquicas nin dunha marcada estratificación social, pois o reducido tamaño dos grupos humanos (en xeral arredor de 25-50 persoas) non as favorece, polo que poderíamos falar dunha sociedade con elevados niveis de igualdade entre os seus membros.

No apartado cultural, non existen suficientes probas que nos permitan atribuír características claras ás manifestacións relixiosas do período paleolítico en Galicia. É a partir do Paleolítico Medio cando, extrapolando os datos derivados dos restos atopados noutras zonas, podemos supoñer os primeiros enterramentos rituais, testemuño dunha posible actitude relixiosa concretada na idea dunha vida ultraterreal. Do mesmo xeito, podemos supoñer que no Paleolítico Superior e no Epipaleolítico en Galicia, ao igual que en Asturias, se realizarían enterramentos con rituais de maior complexidade e se darían formas de crenzas máxicas, totémicas, que establecerían fortes vínculos entre comunidades humanas e certos animais.

1.2 Neolítico e Megalitismo

O Neolítico, o período final da Idade de Pedra, comeza no entorno do ano 8000 a.C. no Próximo Oriente. Os cambios climatolóxicos asociados ao final da glaciación de Würm determinan o inicio dunha nova relación do ser humano co seu medio. O proceso de neolitización trátase dun complexo conxunto de cambios económicos e sociais dunha importancia tal que xustifica o emprego do termo "revolución neolítica", como habitualmente se coñece. En suma, estes cambios consisten esencialmente no paso dunha sociedade depredadora de nómades cazadores e recolledores a unha produtora de agricultores e gandeiros sedentarios. Este cambio na actividade económica, acompañado dos conseguintes avances técnicos e da natural división do traballo en sociedades complexas, permite aumentar a produción de alimentos e, en consecuencia, incrementar a poboación. Así mesmo, a existencia de excedentes de produción permite acrecentar o intercambio de bens entre grupos a longa distancia e a disposición de tempo libre. Obviamente, estas modificacións na base económica van acompañadas de grandes transformacións sociais e culturais que podemos resumir dicindo que se evoluciona cara a unha sociedade máis diferenciada e cara a novas fórmulas relixiosas.

En Galicia, se ben estes cambios tamén se producen, teñen lugar de xeito máis tardío, debendo situalos ao longo do quinto milenio e inicios do cuarto antes de Cristo. O Neolítico en Galicia pode dividirse en tres etapas[1]. Nun primeiro momento a recepción das influencias rexístrase por vía da costa atlántica portuguesa (abrigo da Cunchosa en Cangas do Morrazo) e da cantábrica procedente de Francia (sitio de Regueiriño en Moaña). Os datos máis recentes de análises de polen, datos climáticos e traballos de prospección na península do Morrazo, permiten afirmar que xa habería actividade agraria cerealeira itinerante por medio do sistema de roza, tala e queima do bosque, así como de posibles actividades gandeiras e de explotación de recursos mariños. Na segunda etapa, que podemos denominar de expansión polo territorio, implántase ao longo do cuarto milenio un Neolítico con características locais, consolidando as actividades económicas do período anterior. Esta etapa tamén estaría caracterizada pola aparición do fenómeno cultural coñecido como megalitismo, cuxa fase inicial en Galicia se sitúa entre o 3600 e o 3100 a.C., e marcada pola construción de monumentos con pedras de gran tamaño. A etapa final do Neolítico en Galicia, a partir de finais do IV milenio a.C., coincide co apoxeo do megalitismo e a transición á Idade de Bronce cerca do comezo do segundo milenio antes de Cristo.

[1] Suárez Otero, J., Voz: "Neolítico". Gran Enciclopedia Galega Silverio Cañada. Tomo 32, pp. 135-36.

En Galicia, tradicionalmente, Neolítico e Megalitismo téñense considerado practicamente como sinónimos. Porén, hoxe sabemos, gracias ás probas xa citadas (polen, prospeccións…), que existen en Galicia actividades típicas do Neolítico (agricultura, gandería, etc.) en etapas previas á chegada dos primeiros construtores de túmulos megalíticos procedentes de Portugal (mediados-finais do IV milenio a.C.). Este fenómeno cultural, característico sobre todo da fachada atlántica europea dende Suecia ata o sur de Europa, desenvólvese en Galicia ao longo do terceiro milenio antes de Cristo. A súa importancia é tal que podemos falar de dous períodos no Neolítico: o Neolítico premegalítico, e o período megalítico propiamente dito.

Extensión do Megalitismo en Europa e Norte de África.

A economía megalítica, ao igual que a do período premegalítico, segue baseándose na agricultura cerealeira polos sistemas xa mencionados de roza, tala e queima de bosque. Suponse o moi probable asentamento da actividade gandeira, aínda que non existan probas directas. A actividade artesanal e arquitectónica vese enriquecida gracias ao novo modo de produción e á utilización dun maior número de materiais procedente do medio xeolóxico con diversos fins (fabricación de utensilios de cultivo, adornos, etc.). Podemos falar agora da primeira olería caracterizada por unha cerámica de coidada elaboración e decorada con motivos xeométricos. Neste momento as cerámicas son un ben escaso e apreciado cunha gran importancia tanto funcional como simbólica. Por outra banda, os indicios dos que dispoñemos permiten afirmar que existirían intercambios entre diferentes grupos humanos. Así, por exemplo, poden mencionarse a presenza de utensilios e obxectos suntuarios e de xoiería (coitelos de sílex de boa calidade, contas de colar de acibeche…) importados do sur do Douro. Todo parece indicar que a cultura funeraria característica do período megalítico e que logo estudaremos tivo unha influencia positiva na produción económica, incentivada pola perda dos compoñentes do enxoval en cada enterramento e polos gastos de construción dos túmulos funerarios.

A sociedade megalítica en Galicia estrutúrase en torno a pequenas unidades dispersas pero relacionadas entre si, formadas por clans unidos por lazos de consanguinidade extensa e de tamaño inferior á tribo, caracterizadas aínda por altos niveis de igualdade e a pouca xerarquización social. Como en outras sociedades próximas, os habitantes da Galicia megalítica compartirían o esforzo de construción dos monumentos funerarios familiares característicos do período. É probable, dados os vestixios conservados do período, que estas sociedades galegas de construtores de mámoas non chegasen a alcanzar grados de desenvolvemento e riqueza como os do sur da Península debido ao baixo nivel da súa actividade agraria (frecuentemente complementada con gandería e caza). Isto explicaría a escasa xerarquización social que corroboran os enxovais dos enterramentos colectivos atopado ata a data.

Os cambios no modo de produción deste período determinan o xurdimento dun novo conxunto de ideas e crenzas políticas e relixiosas nas que a relación entre a vida e a morte adquire unha crecente importancia, e onde a idea dunha vida ultraterreal cobra unha singular forza. Estas crenza atópanse na base da manifestación cultural

definitoria do período Megalítico: o xurdimento de miles de monumentos megalíticos ao longo de todo o territorio de Galicia.

Como xa dixemos, o megalitismo é un fenómeno cultural caracterizado pola construción de monumentos a base de pedras de gran tamaño, os megálitos (*mega*=grande, *lithos*=pedra). Estes constitúen as construcións prehistóricas máis impresionantes de Europa e, xeralmente, teñen fins funerarios ou rituais. Os tipos básicos destas construcións son a pedrafita, tamén denominada co termo procedente do bretón menhir (*men*=pedra, *hir*=larga), e a anta ou dolmen (*dol*=mesa, *men*=pedra), cos que se poden construír estruturas máis complexas como os aliñamentos circulares ou os cromlech. A pedrafita ou menhir é unha pedra monolítica que está chantada no chan e ten unha finalidade ritual. As antas ou dolmens están formados por varias pedras verticais que soportan outra horizontal que lles serve de cuberta. En Galicia, a tipoloxía por excelencia é a *mámoa* (*modia, medoña ou medorra*), un túmulo de terra que recobre un dolmen interior. Este dolmen, que serve de cámara sepulcral, tamén se chama *anta* ou *arca*.



Proceso de construcción dun megálito

Tamén se atopan pedrafitas como o de A Lapa de Gargantáns. En Galicia, estes monumentos atópanse normalmente en mal estado ben por causas naturais (edafolóxicas, xeolóxicas, climáticas, etc.) ou asociadas á actividade humana (agricultura, aproveitamento de pedras para edificacións, etc.), sendo máis pequenas que no resto da Península debido ao inferior nivel de desenvolvemento dos grupos humanos desta rexión.

A distribución de mámoas en Galicia é aproximadamente uniforme, o que corrobora a existencia dunha densidade demográfica alta, un poboamento disperso e unha sociedade pouco xerarquizada. Poden aparecer agrupadas (ata 50 túmulos)ou illadas, asociadas a terreos graníticos e normalmente en lugares elevados para ser vistas dende lonxe e marcar o territorio do grupo humano ao que pertencen. Algúns exemplos son mámoas como Casa dos Mouros e Arca da Barbanza na provincia de A Coruña, A Casola do Foxo en Muíños (Ourense) ou a Mámoa da Abelleira en Xermade (Lugo).

A Lapa de Gargantáns (192×50 cm)

2. IDADE DO COBRE E IDADE DO BRONCE

2.1.Idade do Cobre ou Calcolítico

A cultura megalítica prolongouse aproximadamente ata o 1500 a.C., polo que abrangue tamén os inicios do uso do cobre (2100 a. C.) e mesmo do bronce (1800 a.C.), aínda que xa dun xeito máis esporádico e feble ao ir desaparecendo o enterramento colectivo.

A partir da última metade do terceiro milenio (2500-2100 a.C.) prodúcese en Galicia un gran cambio de consecuencias históricas que vén determinado pola aparición da metalurxia. Asociado a este importante avance tecnolóxico rexístrase un mellor dominio do medio por parte do ser humano, observándose uns intensos intercambios comerciais e a sociedade adopta unhas formas máis ríxidas e xerarquizadas de organización. Estas son as notas definitorias deste novo período coñecido como Calcolítico ou Idade do Cobre (*jalkos*=cobre; *líthos*=pedra).

Progresivamente, a talla da pedra propia do Neolítico vai ser substituída pola tecnoloxía metalúrxica. As últimas teses defenden que os primeiros utensilios metálicos (machados de cobre), considerados como obxectos exóticos e sinais de riqueza, que entraron en Galicia procedentes de Portugal. A este período inicial, introdutorio e sen demasiado impacto sobre a cultura megalítica, segue a difusión e a implantación definitiva do traballo dos metais que se asocia en Galicia á chamada cultura do Vaso Campaniforme. Trátase dunha nova tradición cerámica, que trunfa en boa parte de Europa Occidental e que vai a traer asociados importantes cambios culturais, caracterizada por vasos en forma de campá invertida, localizados en terras galegas entre o 2100 e o 1800 a.C. e moitas veces formando parte do enxoval dos megálitos. Os portadores destes vasos campaniformes xogan un papel fundamental na adquisición de novos materiais por parte da cultura autóctona e na difusión da metalurxia do cobre, o que permite a fabricación de novos utensilios (maior diversidade de puntas de frecha, puñais de espeto, novos tipos de machados…), así como na mellora da organización das súas relacións comerciais. Finalmente, entre o 1800 e o 1500 a.C. rómpese a tradición campaniforme e aparecen novos modelos que definen xa a Idade do Bronce.



A presenza no noso territorio de obxectos de cobre e ouro, así como da cerámica campaniforme, parecen indicar a existencia de posibles relacións comerciais con Portugal, seguindo as rutas xa establecidas na etapa megalítica anterior. Posteriormente, pezas iguais son elaboradas xa en Galicia usando recursos propios. A actividade económica segue centrándose na agricultura do cereal, na horticultura, na gandería e no

aproveitamento dos recursos marítimos. O ser humano é capaz de dominar mellor o medio coa súa nova tecnoloxía, sacándolle mellor partido ás posibilidades que a natureza lle ofrece. Os lugares habitados coinciden ás veces cos anteriores, pero agora son máis abundantes e localízanse en sitios máis variados para aproveitar mellor os recursos. A distribución da poboación faise cada vez máis de xeito funcional, dando lugar a un poboamento fortemente estruturado e a unha ocupación intensiva do territorio. Os xacementos atopados (Mesa de Montes no Morrazo, Castro Ferreiro na Baixa Limia ou Monte das Minas no curso medio do Miño), permítennos definir un área xeográfica moi poboada que se estende polos grandes vales fluviais e pola costa atlántica, dende o río Douro ata o Ulla. A modo de conclusión podemos falar dunha maior densidade de poboación e un aproveitamento máis intensivo dos recursos do lugar onde se establece.

No eido social, en gran parte como consecuencia do anterior, atopamos nestas comunidades unha maior complexidade social e política, cunha maior especialización no traballo e unha xerarquización moito máis ríxida que no período anterior. A existencia dunha sociedade máis xerarquizada e de maior belicosidade confírmase pola presenza de enterramentos de carácter individual baixo túmulo e sen cámara, ou pola cista pétrea sen túmulo, fórmulas ambas que nos fan pensar nun rito funerario diferente dedicado a reforzar o estatus dun individuo e non a honrar a unha colectividade. Unha cista pétrea é un enterramento que consiste en catro lousas laterais e unha quinta que fai de cuberta. Porén, este tipo de tumbas, pertencentes seguramente a xerarcas militares ou a outras personalidades destacadas, conviven coas estruturas xa existentes aínda que agora de maior complexidade. É o momento do incremento do número de tumbas, da monumentalidade do megálito e do apoxeo dos grandes dolmens de corredor, pero tamén da reutilización de monumentos antigos ou da aparición das primeiras fórmulas non megalíticas (as xa citadas cistas pétreas). Deste xeito, no ámbito funerario e no relixioso en xeral, a maior diversidade é tamén unha nota definitoria.

Podemos concluír que nun primeiro momento a concepción da relixión e dos ritos asociados a ela seguen a ser os mesmos cos do período megalítico, aínda que con pequenas variantes, mentres que segundo se implanta a cultura campaniforme tamén se vai producindo unha ruptura cos costumes anteriores. O ritual de enterramento faise individual, desaparecendo progresivamente a idea da comunidade dos mortos como prolongación da dos vivos. Nos enxovais o simbolismo materialízase nos ídolos de pedra e en divindades chamadas dos Grandes Ollos (arte rupestre) vinculados aínda á concepción megalítica da sacralizade dos mortos e o seu papel sobre os vivos, pero ao mesmo tempo aparecen vasos campaniformes decorados que conterían líquidos rituais ou ofrendas e obxectos metalúrxicos como puñais, alabardas, pequenos machados ou puntas de xavelina que se vinculan case sempre máis á idea de resaltar unha personalidade.

2.2 A Idade do Bronce.

En torno ao ano 1800 a.C. e ata o século VI a.C., no que ten lugar a aparición da cultura castrexa, desenvólvese en Galicia a Idade do Bronce. A transición do Calcolítico a esta nova etapa prodúcese de modo gradual ao mesmo tempo que vai desaparecendo a tradición campaniforme e impoñéndose novas tradicións na cerámica e na metalurxia. Este proceso de cambio ten lugar no Bronce Inicial que transcorre aproximadamente entre os anos 1800 e 1500 a. C. A este segue a etapa de consolidación, denominada Bronce Medio, acoutada entre o 1500 e o 1100 a. C. e, por último, o Bronce Final (1100-700 a. C.) no que a chegada dos pobos procedentes de Centroeuropa provocan a decadencia da metalurxia do bronce e a introdución da técnica do ferro.

Na Idade do Bronce a agricultura, a gandería, a caza e a explotación dos recursos mariños seguen tendo un gran peso na economía destes pobos, se ben a novidade que define esta cultura é o desenvolvemento progresivo da metalurxia e dos intercambios comerciais. Nas etapas inicial e media a mellora na agricultura e na gandería favorece a existencia dunha minería do estaño para a súa utilización na fabricación do bronce e, en menor medida, do cobre e do ouro. Estes minerais serven para realizar xoias, utensilios e armas. Exemplo da riqueza artística deste momento son xoias de ouro macizo como as que constitúen o tesouro de Caldas de Reis, os diversos obxectos de metal en ocasións de formas novidosas e as cerámicas lisas de produción local alleas á tradición campaniforme. Tamén neste momento se pode documentar a existencia de intercambios de obxectos metálicos dentro da área galaica e incluso con outras zonas atlánticas. Pero sen dúbida é no Bronce Final cando a minería do cobre e do estaño alcanza a súa cota máis alta e, por primeira vez, iníciase en Galicia a minería do chumbo. A aliaxe de cobre, estaño e chumbo emprégase en diferentes útiles pero sobre todo nos machados, que aparecen en gran número (ata trescentas se atoparon nalgún xacemento). A gran riqueza de chumbo en Galicia xunto coa chegada de novas tradicións con referentes na Europa atlántica e continental, explica o esplendor que a metalurxia alcanza na nosa terra, converténdose nun auténtico foco metalúrxico onde se extrae o material, se fabrican utensilios e se comercializan por toda a xeografía galega e fora dela (Mediterráneo e costas atlánticas).

Nesta segunda metade do II milenio a.C., no marco dunha maior complexidade na actividade económica que nas etapas anteriores, a poboación establécese en asentamentos, dispersos e de maior densidade, establecidos nas ladeiras e nos vales e compostos por unidades suprafamiliares e, en ocasións, fortificados. A guerra xa é un feito relativamente frecuente e isto leva consigo a presenza de xerarquías sociais militares que ostentarían o mando destas sociedades. Polo tanto, falamos xa dunha sociedade estratificada, xerarquizada, cunha maior división do traballo que permite a existencia de especialistas en tarefas determinadas e na que o guerreiro é un personaxe de status social alto e onde as armas convértense en símbolo de prestixio social polo que aparecen nos enterramentos xunto ao cadáver, simbolizando a súa dedicación e a súa posición na sociedade.

A distribución da poboación no Bronce Final segue as mesmas pautas que nas etapas anteriores pero aparece a tendencia a concentrarse en lugares elevados cunha finalidade defensiva consecuencia dunha sociedade na que a guerra xa xoga un importante papel. Esta disposición xeoestratéxica confirmarase nos castros característicos da Idade do Ferro en Galicia.

Neste contexto imponse o enterramento individual, rompendo definitivamente coa tradición cultural megalítica. Nos ritos funerarios afírmase o individual, incidindo na valoración de certas personalidades e, polo tanto, corroborando a existencia dunha sociedade máis complexa e xa claramente estratificada na que destacaba a elite guerreira. Dende o punto de vista relixioso, a crenza nunha vida de ultratumba segue sendo a dominante e así o corrobora o feito de enterrar aos individuos rodeados de bens moi apreciados. Ademais de esta idea xa coñecida en etapas anteriores podemos afirmar a

existencia doutras como a sacralizade de certos animais (o cervo) ou de elementos como o sol que aparecen vinculados co mundo dos mortos e representados xunto a combinacións circulares nos petróglifos. No Bronce Final, a falta de tumbas atopadas fai pensar nos depósitos en fendas ou abrigos e incluso na incineración. Nesta última etapa da Idade do Bronce, ao simbolismo xa citado hai que engadir o de outras representacións, posiblemente sacralizadas, como as escenas de equitación ou a das imaxes de labirintos que nos fan considerar a existencia de mitos e ritos máis complexos. Á sacralizade do mundo anterior vinculada a animais e plantas únese o valor sagrado que se lle concede á guerra, ao sol, ás augas (aparecen espadas e puñais en ríos e fontes interpretados como ofrendas á auga) e incluso, posiblemente, á minería, á metalurxia e a outras actividades do momento.

Outra manifestación característica da Idade do Bronce en Galicia son os petróglifos ou gravados rupestres. Trátase de incisións sobre rochas graníticas que aparecen, polo tanto, ao aire libre. As formas decorativas que representan son moi variadas e van dende representacións naturalistas con motivos zoomorfos (sobre todo cervos e cabalos) e antropomorfos ata representacións simbólicas nas que predominas debuxos xeométricos como espirais, círculos concéntricos e liñas onduladas e serpentiformes. Resulta complicado precisar tanto a súa cronoloxía como o seu significado. No que respecta ao seu marco cronolóxico, parece que a etapa de maior desenvolvemento é a Idade do Bronce aínda que se manteñen na cultura castrexa posterior. En canto ao significado, parecen representar un mundo simbólico e ideolóxico que non somos capaces de descifrar, vinculado en ocasións co ámbito relixioso ou funerario. En Galicia, os petróglifos localízanse basicamente na zona das Rías Baixas, sobre todo, no val medio do Lérez (nos concellos pontevedreses de Campo Lameiro e Cotovade).

Petróglifos en Campolameiro

3. A CULTURA CASTREXA

Ao longo do século VI a.C.,coincidindo co final da Idade do Bronce, vaise implantando en Galicia unha nova cultura ao tempo que se introduce a metalurxia do.ferro. Trátase da chamada cultura castrexa porque a súa principal característica é o castro, un tipo peculiar de asentamento utilizado polos pobos que neste momento residen na maior parte de Galicia, o norte de Portugal e o occidente de Asturias. Aínda que con algunhas variantes locais, a unidade cultural é clara e resalta por riba de todos os matices, permitíndonos falar dunha única cultura, a castrexa. O período de maior implantación abrangue dende mediados do século VI a.C. ata a conquista romana (séculos II-I a.C.) aínda que a actividade nos castros mantense de forma intermitente durante todo o Imperio Romano.

Ata ben entrado o século XX considerouse que a cultura castrexa chegou a Galicia cos celtas e que os celtas foron en exclusiva os habitantes dos castros pero hoxe concédese menos importancia a esta dominación celta e imponse a fusión de varias culturas como a responsable do desenvolvemento da nova forma de vida. A tese que concede un excesivo papel a raza celta parte de diversas fontes literarias e foi posteriormente recollida e desenvolta por autores como Manuel Murguía, historiador e figura central do galeguismo, e por poetas como Eduardo Pondal. Hoxe esta idea non pode sosterse xa que tanto os testemuños arqueolóxicos como os lingüísticos da presenza celta en Galicia son bastante débiles. A cultura castrexa é o resultado da fusión dos pobos indíxenas que habitaban Galicia na Idade do Bronce cos pobos centroeuropeos (entre eles os celtas, procedentes das marxes do mar Caspio e das montañas do Cáucaso) que penetran no territorio galego a través da conca do Sil e tamén mediterráneos (púnicos). O aporte máis importante dos pobos centroeuropeos é a técnica do ferro, descoñecida pola poboación autóctona.

Como xa dixemos, os castros son un dos elementos definidores da cultura castrexa e espállanse por toda a xeografía de Galicia e norte de Portugal ata sumar un número aínda por determinar pero que pode oscilar en torno a 2000 ou 2500. Trátase de asentamentos máis ou menos grandes, de planta circular ou ovalada, rodeados por murallas e fosos e sen ningún tipo de planeamento urbanístico no seu interior (a lo menos antes da conquista romana) pero perfectamente adaptados ao terreo e as funcións que nel debían desempeñarse. Estes poboados sitúanse en lugares elevados respecto do terreo circundante, non por motivos defensivos senón para facilitar a agricultura que nas zonas baixas veríase entorpecida polo aumento da vexetación (provocado pola subida das temperaturas e dos niveis de humidade que caracterizan o período climático subatlántico iniciado en torno os anos 900-800 a.C. e que chega ata os nosos días).

Os castros máis primitivos (moitos deles xa habitados no que aínda consideramos Idade do Bronce) están compostos por construcións circulares de pequenas dimensións e feitas con elementos vexetais como terra e ramas. É o caso do castro de Penalba (Campo Lameiro, Pontevedra), o de A Graña (Melide, A Coruña) ou o de Castromao (Celanova, Ourense). Posteriormente, xa despois da conquista romana que se produce a partir da incursión de César nos anos 61-60 a.C. e continua cas Guerras Cántabras (29-19 a.C.) cas que Augusto remata o dominio do norte da península, as casas dos castros fanse de pedra traballada ás veces pintadas ou decoradas con esvásticas, trenzados ou círculos e, en ocasións xa de planta cadrada ou rectangular. Co cambio de era chega a etapa de maior esplendor da cultura castrexa que durará ata a desaparición da familia Xulio-Claudia a finais do século I d.C., momento no que os castros se empezan a abandonar ou a ocuparse parcialmente (é o caso do de Viladonga, en Lugo). Os grandes castros,agora romanizados (citanias) acollen un gran número de vivendas, chegando incluso a ter servizos colectivos, unha certa ordenación urbanística por barrios, rúas feitas con lousa e canalizacións para a condución de augas pluviais fóra das murallas. En xeral, os

asentamentos de zona sur son maiores e ofrecen unha riqueza construtiva superior aos do norte. Os muros son máis anchos e posiblemente máis altos e as casas presentan formas máis complexas ao engadirlles en ocasións elementos como lareiras interiores ou muros en forma de angos de cangrexo a modo de vestíbulo que pode acoller o forno ou bebedeiros para os animais. Tamén nos grandes castros aparecen agrupamentos de construcións rodeadas por un muro e cunha única entrada que con probabilidade acollerían unidades familiares (son as denominadas casas-patio). Ademais das vivendas temos constancia de recintos para diversos usos como cortes para animais, obradoiros de fundición, baños, etc. Exemplos de poboados de grandes dimensións son o de Santa Tegra en Pontevedra, o de San Cibrao de Las en Ourense ou os de Borneiro, Elviña ou Baroña na provincia de A Coruña.

Detalle do Castro de Viladonga (Lugo)

A distribución dos castros non é igual en todo o territorio galego. Se ben existen zonas como as montañas do norte ou a parte sueste de Galicia onde a densidade é moi baixa localizándose un castro cada corenta ou cincuenta quilómetros cadrados, noutros comarcas como as da Ulloa, Deza, Tabeirós ou As Mariñas os castros atópanse cada seis ou sete quilómetros cadrados. Esta organización dos emprazamentos castrexos coincide en grande medida coa distribución das mámoas megalíticas sendo esta coincidencia especialmente notoria na zona central galega. A continuidade nos lugares elixidos pola poboación para asentarse segue manténdose nas etapas posteriores xa que é moi habitual que ao redor dos castros se levanten igrexas ou ermidas e se formen aldeas e parroquias.

Como xa dixemos, a cultura castrexa desenvólvese nunha etapa moi similar á actual dende o punto de vista climático e, polo tanto, nun medio favorable para as tarefas agrícolas e gandeiras. As bases económicas destes pobos son a agricultura e a gandería aínda que tamén se practica a caza, o marisqueo, a recolleita de froitos silvestres, a minería, a metalurxia,a olería e os intercambios comerciais. Segue predominando a agricultura de tipo cerealeiro con cereais como o trigo (de varias especies), a cebada e o millo miúdo que agora se complementa co cultivo en leiras ou hortas de leguminosas como fabas ou chícharos. Para a recolleita e o tratamento posterior destes produtos dispoñen xa dun instrumental agrícola importante como fouciños, aixadas e muíños de man. Como complemento destes alimentos apañaban froitos silvestres entre os que destacan as landras (das abundantes carballeiras cuxa existencia corroboran os diagramas polínicos) que utilizaban para facer un tipo de pan que chamou a atención dos autores romanos e que debía de consumirse nos últimos meses do inverno e comezos da primavera cando o cereal escaseaba. En canto á gandería, sábese que utilizaban o gando vacún tanto para tiro como para a produción de leite e que os porcos, as ovellas e as cabras constituían a súa principal fonte de carne. Á crianza destes animais hai que seguir unindo neste período

a práctica da caza da que temos constancia ao aparecer en algúns castros osos de cervo e de porco bravo. Nos numerosos asentamentos marítimos, tanto atlánticos como cantábricos, practicábase a pesca en augas próximas á costa e o marisqueo. Atopáronse anzois que xunto con redes e pequenas embarcacións deberon servir para pescar peixes dos que temos restos como robalo, dourada, muxe, prago, maragota, pescada ou xurelo. Ao tempo podemos afirmar a existencia de actividade marisqueira coa recolleita de centolas, percebes, ostras, ameixas, mexillóns, berberechos, lapas, navallas, caramuxas, ourizos, etc.

Estas actividades complementábanse, como xa sucedera na Idade do Bronce, coa explotación dos recursos mineiros alcanzando agora un gran desenvolvemento sobre todo na extracción do metais preciosos como o ouro. As técnicas utilizadas na explotación deste metal chegaron a ter tal importancia que despois foron incorporadas polos romanos a súa minería. A ourivería castrexa representada por pezas moi ben acabadas como torques, brazaletes, arracadas e diademas constitúe un excelente exemplo desta actividade. Xunto ao ouro, explotáronse tamén o ferro, o chumbo e posiblemente o cobre.

Froito desta actividade económica os habitantes dos castros mantiñan intercambios comerciais entre si e con outras culturas. No comercio interior o obxecto de cambio eran fundamentalmente metais, cerámica e produtos perecedoiros como os mariscos. Neste contexto o grego Estrabón fala dun certo tipo de moeda consistente en pezas recortadas de prata que serviría como pago nalgúns intercambios pero o certo é que non se atopou ningunha destas moedas polo que o máis probable é que os cambios se produciran polo procedemento do troque.

Os autores clásicos, especialmente o xa citado Estrabón, describen con bastante precisión a sociedade castrexa. Porén, a información aportada por estes autores non se considera actualmente de todo certa porque as fontes arqueolóxicas non a confirman e porque a súa visión é demasiado xenérica (referíndose de maneira indiferenciada aos modos de vida de lusitanos, galaicos, astures e cántabros) e deformada pola mentalidade grecolatina por estar baseada en tópicos hoxe superados como o da bondade da súa cultura fronte á barbarie dos pobos do Norte.

Tradicionalmente, considerouse a sociedade castrexa como unha sociedade xentilicia na que a figura da muller ostentaba un poder importante (herdanza pola vía materna). Hoxe póñense en dúbida ambas afirmacións. Unha sociedade xentilicia e un tipo de organización carente de Estado baseado en familias extensas (*gens* ou *gentilitas*, similares ao clan) cuxos lazos de sangue son os que garanten a cohesión social. Podemos afirmar que a célula básica da sociedade era a familia pero non a única nin a de maior rango. Por riba dos lazos familiares existía unha forma intermedia de organización social, a centuria, da que non sabemos cales exactamente cales eran as súas función nin a gradación entre elas. Posiblemente a centuria foi, ante todo, unha agrupación de ser humanos vinculados por lazos de carácter político-militar con cultos e deuses propios, cun xefe ao que os romanos chamaron *princeps* e que transmitía o cargo aos seus fillos varóns. Finalmente, a unidade de maior rango que aglutinaba a familias e centurias era o *populus* ou pobo vinculado a un territorio claramente demarcado, sen unha autoridade claramente definida e que, en moitos casos, se mantivo nas divisións eclesiásticas altomedievais. Na zona de Bergantiños se localizaba se localizaba o *populus* dos nerios, os galaicos dende O Porto ata o norte do Douro, en Compostela o dos caporos, os límicos en A Limia, os ártabros nas mariñas de Betanzos, os albiones no norte de Lugo, os lemabos en Monforte, etc.

Por outra banda, o carácter matriarcal da sociedade castrexa que se desprende da lectura dos clásicos tampouco se pode corroborar actualmente. Se ben é certo que dende un punto de vista económico e social existía un certo equilibrio entre ser humanos e mulleres, non podemos dicir o mesmo no terreo político. As mulleres eran as que herdaban a terra (a dote) pero os ser humanos tiñan outro tipo de bens ou riquezas (por exemplo, o gando e as propiedades domésticas) e tanto uns coma outros non podían contraer matrimonio libremente xa que existían pactos matrimoniais. Sen dubida, no ámbito político e militar son os ser humanos os que ostentan a autoridade. Os pactos entre os habitantes

dos castros e os romanos –escritos nas cinco placas de bronce encontradas- están sempre firmados por ser humanos. Ademais eles son os xefes das centurias e os que van á guerra, aínda que non hai constancia de que sexa unha sociedade moi belicosa xa que non se atoparon espadas –como no Bronce Final- nin outras armas, só algúns coitelos. En todo caso, a sociedade castrexa é unha sociedade xerarquizada, probablemente presidida por unha elite militar que s sobrepón a unha poboación numerosa e dispersa no territorio. A existencia de xoias tan valiosas coma os torques, cascos e outras armas de ouro e de esculturas representando guerreiros son signos dunha distribución desigual da riqueza e da importancia dunha minoría dirixente vinculada ao militar, probablemente de orixe céltica.

A elite sacerdotal parece que tivo menos importancia e non podemos falar en Galicia de grupos de sacerdotes organizados do tipo dos druídas da tradición céltica. Pese a isto, a relixiosidade da poboación castrexa foi moi intensa e podemos considerar á relixión como un fenómenos social fundamental para entender a ideoloxía e o modo de vida dos habitantes dos castros. O estudo epigráfico de moedas romanas constata o feito de que perduran case un centenar de deuses do panteón castrexo, pero aínda non se conseguiu ordenalos, existindo varías interpretacións para eles. Pode ser que este politeísmo se deba a variantes locais ou cronolóxicas, ou simplemente sexa o resultado unha mesma divindade varios nomes distintos. Algúns deuses se adoraban en todo o territorio, outros eran locais e pertencían a un *populus* concreto; uns mantivéronse baixo a dominación de Roma e outros se incorporaron posteriormente procedentes do panteón romano (moitas veces é complicado diferenciar cales son propiamente castrexos e cales son froito do contacto cos romanos). O deus que recibía culto nas montañas considérase un dos principais do panteón castrexo e considérase equivalente ao romano Xúpiter, e outros de nome Cosus, Bandua, Reva ou Navia vincúlanse por algúns autores coa guerra. Ao mesmo tempo existía unha gran cantidade do que parecen ser xenios (benéficos ou maléficos) relacionados cos animais, coas augas, cos bosques, cas encrucilladas de camiños, etc. Estes deuses menores mantivéronse en época romana (*lares viales*) e sueva, aínda que con outra denominación e, dalgunha maneira, estas tradicións chegan ata hoxe a través de lendas e costumes populares. Estes *lares viales* son deuses de carácter funerario, encargados de conducir as almas dos mortos ao Máis Alá (Hades). Por iso é moi frecuente que se lles renda culto nos cruces de camiños onde converxen as almas dos mortos. En Galicia, a Santa Compaña (almas dos defuntos que están no Purgatorio) así como a existencia de numerosos cruceiros permiten establecer unha vinculación entre a tradición castrexa e as tradicións actuais.

4. A ROMANIZACIÓN

O dominio do territorio que os romanos chamarán *Gallaecia* iníciase no ano 137 a.C. coa incursión que fai Décimo Xuño Bruto dende a Lusitania. Esta campaña militar pertence a unha primeira fase da conquista denominada lusitana, na cal se pretende fundamentalmente explorar e pacificar o territorio, e, ao mesmo tempo dar unha lección aos pobos alí establecidos e saquear, sobre todo, a riqueza mineral. Décimo Xuño Bruto é apodado *Callaicus* (o "Galaico") por ser o xeneral romano que fai a primeira mostra de dominio sobre os *callaici* que xunto cos *astures* e *cantabroi*, eran os pobos que ocupaban a parte máis occidental da Península Ibérica. D. X. Bruto parte de Portus Cale (actual Porto) e as súas lexións ocuparon varios castros costeiros coa axuda da frota, cruzaron o río Limia e posteriormente o Miño. Despois del, outras expedicións partiron dende Lusitania cos mesmos fins, tendo lugar entre os anos 96-94 a.C. as campañas de Craso, no 74 a.C. a de Perpena e nos anos 61-60 a.C. a decisiva expedición de Xulio César que chega por mar a Brigantium, no Golfo ártabro. César chega ata Galicia movido polo desexo de obter riquezas, sobre todo estaño, e polo afán de descubrir novas rutas de acceso. Con el remata a fase lusitana da conquista, na que non se consigue unha ocupación permanente o territorio, e iníciase a segunda fase denominada astur-cántabra, constituída polas denominadas Guerras Cántabras, dirixidas persoalmente por Augusto entre os anos 29-19 a.C. Estas guerras supoñen a submisión a Roma dos pobos que habitaban dende a actual Galicia ata o País Vasco. A longa duración destas campañas demostra a resistencia dos castrexos a perder a súa independencia, favorecida pola natureza montañosa do terreo, o seu illamento e as tácticas guerrilleiras que empregaban. O final simbólico destas guerras fíxase no heroico episodio do monte Medulio, aínda sen identificar, onde milleiros de ser humanos se suicidaron antes de caer en mans dos romanos (feito non comprobado definitivamente). A partir de entón ábrese o período de *pax augusta* no que se inicia o proceso de romanización e se procede á organización do territorio cunha serie de reformas administrativas, urbanísticas e de comunicacións (iniciadas agora e culminadas polos Flavios) que son definitivas na conformación histórica de Galicia. Imponse o nome de *Gallaecia*, pola denominación dun dos seus populi (os *callaici*), aínda que non se oficializa o topónimo ata primeiros do século IV con Diocleciano. Nun primeiro momento, no ano 19 a.C., intégrase na provincia de Lusitania, e pouco despois na Hispania Citerior (con capital en Tarragona), ata que no ano 305 Diocleciano fai unha nova reorganización do Imperio e crea a provincia de Gallaecia, que abranguía dende o Cantábrico ata o Douro, e dende o Atlántico ata o Sistema Ibérico.

O proceso de romanización que se inicia agora é un proceso longo no que os elementos do mundo castrexo se van mesturando progresivamente cos elementos da cultura romana ata integrarse nela. Non se trata dunha simple imposición cultural, senón dunha confluencia entre a tradición indíxena e a romana e nalgúns casos a riqueza cultural castrexa é redescuberta polos romanos. Deste modo, a conquista non supuxo ningún cambio drástico nos modos de vida e o abandono non foi obrigatorio, convivindo cos novos modelos de habitación. Aínda así, unha parte dos ser humanos foron recrutados forzosamente para as tropas romanas e incluso como escravos, e outros pasaron a traballar nas minas ou noutras actividades. Este proceso de romanización provoca cambios nas bases económicas, impón o latín como lingua universal e introduce novas fórmulas relixiosas que rematarán co cristianismo.

O proceso de organización do territorio iníciase inmediatamente despois da conquista coa creación de tres cidades, que levan o nome de Augusto, cada unha cabeza dun *conventus* ou circunscrición administrativa: *Bracara Augusta* (Braga), *Asturica Augusta* (Astorga) e *Lucus Augusti* (Lugo). Non coñecemos os límites exactos destes conventos, pero si a súa poboación no momento da súa creación, que foi rexistrada por Plinio: o *bracarense*, o máis relacionado con Roma, tiña 285.000 habitantes repartidos en 24 populi; o *asturicense*, cuxa importancia reside na minería, 240.000 habitantes en 22 populi, e o

lucense, o máis retrasado, 166.00 en 15 *populi*. Os conventos, chamados xurídicos, son divisións territoriais con funcións administrativas, relixiosas (para estimular o culto ao emperador) e xudiciais. Porén, hai que ter en conta que na Galicia romana só recorrían á administración imperial aqueles que o desexaban, e os demais podían seguir regulados polo sistema polo sistema xurídico castrexo anterior. Isto é posible tamén cos órganos de goberno local sempre que se respecten os intereses básicos do Estado romano: manter a paz na rexión, facilitar o cobro de impostos, o recrutamento de soldados e a explotación das minas.

Os tres principais núcleos urbanos da Galicia romana e, en xeral, os tres conventos xurídicos estaban enlazados por unha rede de comunicacións baseada en vías trazadas despois da conquista. Estes camiños pavimentados supoñen un factor decisivo na organización do territorio e responden nun principio a fins militares pero, fundamentalmente, a intereses comerciais. A rede viaria galega en época romana estrutúrase en torno a catro grandes rutas de comunicación ás que hai que unir varias vías secundarias, destacando por riba de todas elas a que une *Bracara* con *Asturica*, as capitais dos dous conventos máis poboados e máis activos economicamente (minería). As vías, sobre todo as principais, inclúen ademais edificacións dedicadas a pousadas para durmir ou descansar, mansións ou miliarios (columnas que se colocan ao borde das calzadas mil *passus*, é dicir unha milla romana equivalente a 1.481 metros).

Miliario en Portela do Home (Ourense)

Outro dos factores que contribúen á integración administrativa de Gallaecia no Imperio e que inflúe no proceso de romanización é a presenza do exército romano, e neste sentido é fundamental a instalación na época dos Flavios da *Legio VII Gemina* no convento *asturicense*. Esta lexión enviaba con frecuencia destacamentos ao interior do territorio galaico que contribuíron claramente á difusión do latín e da cultura romana. En Astorga, establecéronse ademais legados xurídicos e militares, procuradores e outros funcionarios, que controlaban a administración imperial en Gallaecia.

A imposición do latín como lingua oficial en Gallaecia só se fai en época tardía, despois de ir desprazando ás linguas indíxenas. Ata entón a lingua romana seguramente conviviu coas linguas dos pobos autóctonos. Non podemos precisar cales foron as etapas na implantación do latín, pero parece que ao longo dos séculos I e II d. C. a maior parte da poboación aínda falaba a súa lingua nai, e vai ser da man do cristianismo cando se produza a latinización definitiva.

No ámbito cultural a romanización, ademais da adopción do latín, está ben representada nas obras públicas de carácter práctico e utilitario como murallas, termas, faros, portos ou pontes. Pola contra, non temos noticias de grandes monumentos lúdicos, funerarios nin honoríficos, nin tampouco de templos clásicos, feito que corrobora o mantemento das tradicións, ritos e formas relixiosas propias da cultura indíxena. Algo similar ocorre no campo das artes figurativas. Os obxectos artísticos romanos (esculturas, cerámicas, etc.) non supoñen un factor de romanización importante, porque se caracterizan xeralmente polo sincretismo entre as dúas culturas. A arte romana é reinterpretada en Galicia creando un novo estilo artístico que combina formas clásicas con formas castrexas, co que convive un arte oficial e culto, só ao alcance duns poucos, plasmado en mosaicos, esculturas en pedra ou pequenas pezas de bronce que representan a Minerva ou a Marte.

A integración de Gallaecia no Imperio supón tamén renovacións importantes nas bases económicas (transformación do hábitat e cambios na explotación de recursos) e, en consecuencia, na estrutura da sociedade. A transformación do hábitat é un proceso lento caracterizado pola diversificación dos asentamentos que nos permite entender a formación da paisaxe histórica de Galicia. A conquista romana no supuxo o abandono inmediato dos castros como lugares de habitación, senón que estes se mantiveron polo menos durante un século máis, e incluso se coñece o caso do castro do monte Mozinho, no convento bracarense, que foi construído xa no marco da dominación romana. Algúns castros foron abandonados, pero a maior parte romanizáronse. Durante todo o Alto Imperio (dende o cambio de era ata a metade do século III), mantéñense castros situados en lugares estratéxicos que agora se fan máis grandes e complexos e se fortifican como os de Santa Tegra ou o de Las, ou se vinculan a explotacións mineiras como os de Folgoso do Caurel ou Cervantes. A partir de finais do século I estes asentamentos conviven con novas formas de hábitat en terras baixas, chairas e vales fluviais. É o caso de asentamentos militares de nova creación como a Cidadela de Sobrado ou os Baños de Bande, de núcleos secundarios (os *vici*) como Iria Flavia ou A Coruña, ou de cidades coma Lugo que constitúe o exemplo da aparición dunha civilización urbana en Galicia. De feito, a fundación de cidades é unha das principais novidades introducidas no poboamento. Estes núcleos urbanos podían tela súa orixe en establecementos militares, en núcleos indíxenas ou ser creacións novas. Lugo, a capital do convento lucense foi, probablemente, na súa orixe un campamento militar instalado no mesmo lugar que un centro relixioso indíxena dedicado o deus Lug. Posteriormente, no século III, rodeouse das murallas que aínda hoxe se conservan.

A transformación do hábitat complétase co xurdimento das *villae* explotacións agrícolas estables dirixidas por grandes propietarios (*potentiores*), cun elevado nivel de vida e que adopta a cultura romana, e que ten ao seu servizo abundante man de obra. En Galicia non consta a presenza de escravos, polo que pode ser que os campesiños tivesen unha relación de colonato co propietario. Unha *villa* é ao mesmo tempo centro de traballo e residencia de luxo dun señor, posiblemente procedente da aristocracia indíxena, que plasma a súa riqueza na arquitectura da propia casa e nos mosaicos e cerámicas da súa decoración. As villae difúndense por Gallaecia, sobre todo nos séculos II e IV, xa que antes a súa implantación é moi escasa (a penas 12 *villae* no convento asturicense). Esta forma de asentamento, introducida polos romanos, desenrólase en maior medida na Galicia altomedieval. Ligados a este novo modelo de hábitat rural prodúcense na agricultura cambios fundamentais que permanecerán en etapas posteriores. A produción agraria estabilízase definitivamente, diversifícase e intensifícase, ao tempo que se reestrutura a propiedade da terra. Nestas *villae* introdúcense tamén novas formas de explotación agrícola, utilizando para o cultivo os mellores tipos de arados e outros instrumentos que repercuten na mellora da produción. Xa no Baixo Imperio, como xa dixemos, se produce a implantación das *villae* coincidindo coa crise das crise, converténdose en sistemas económicos practicamente autárquicos que só se abrían á importación de produtos de luxo e á contratación de artesáns especializados como é o caso dos que realizan os mosaicos. Aínda que a agricultura segue sendo de base cerealeira e a explotación

gandeira continúa composta polos mesmos animais que na etapa castrexa (vacas, ovellas, cabras e porcos), a estrutura agraria é totalmente diferente dende mediados do século III en adiante a crise das cidades provocada pola presión fiscal e a inseguridade fai que as clases dominantes se asenten no medio rural e se convertan nos propietarios das terras, asentándose así as bases dos sistema feudal do Medievo.

Outra das grandes transformacións que trae consigo o proceso de romanización é a explotación mineira a gran escala. En xeral, séguense usando técnicas xa existentes nas etapas anteriores, pero os romanos perfecciónanas con novos métodos e novos instrumentos. A riqueza mineira do noroeste de Hispania atrae aos romanos, converténdose no seu primordial interese económico. Os principais minerais extraídos foron a prata, o estaño e, especialmente, o ouro. Os métodos de extracción utilizados foron fundamentalmente tres: i) aproveitamento das áreas fluviais auríferas, sistema xa usado polos indíxenas, pero agora mellorado coa desviación das correntes dos ríos mediante trampas (que en ocasións poden acadar grandes dimensións, como no caso do desprazamento do río Sil en Montefurado); ii) explotación a ceo aberto, como nas minas do Caurel, e iii) sistema de *ruina montium* consistente en derrubar as masas de arxila que conteñen ouro mediante a apertura de galerías, lavando despois a terra. Este último é o método máis usado na comarca máis explotada, a serra do Teleno e as Médulas leonesas. É un sistema de orixe tamén indíxena, pouco eficiente, pero que esixe pouco traballo.

As minas eran propiedade do emperador e eran administradas, ata finais do século II, por un procurador que residía en Asturica Augusta, e que era o encargado de facer chegar o mineral a Roma. Mineral que constituía unha importante cantidade para as arcas imperiais. Tamén dende Astorga posiblemente a Legio VII Gemina participaba nas obras de enxeñería necesarias para o método da *ruina montium*. Todo isto explica o papel central que esta cidade ten no plano administrativo e militar e, en xeral, a importancia do convento asturicense, que xunto co eixo Miño-Sil, constitúen os centros máis importantes da extracción de metais. A actividade mineira concentrou un gran número de traballadores libres, pero tamén escravos e condenados a traballos forzados, aínda que descoñecemos en qué proporción.

No Alto Imperio, as poucas noticias que temos das relacións comerciais case sempre teñen que ver coa explotación do mineral das minas leonesas. Por outra banda a construción de faros como a Torre de Hércules, constata a existencia de rutas marítimas de certa importancia. En cambio, no Baixo Imperio dispoñemos de máis noticias sobre un comercio interior de alimentos, metais e manufacturas no que xogan un papel fundamental as vías romanas pavimentadas. Temos tamén constancia a través das moedas acuñadas en diferentes lugares e das cerámicas estranxeiras atopadas en Galicia dun comercio marítimo e fluvial con zonas alongadas como o Mediterráneo oriental ou a propia Roma. En xeral, a actividade comercial aumentou coa conquista romana tanto en intensidade como en variedade de rutas terrestres, marítimas e fluviais.

Finalmente, no ámbito económico cabe facer referencia tamén á pesca e o marisqueo como actividades que seguen tendo peso na economía das zonas costeiras, como produtos para o consumo propio, para comerciar e incluso como base dunha industria textil (extracción de púrpura das cunchas dalgúns moluscos). Por outra banda, tamén se documentan talleres de fundición ou de fabricación de vasillas e de tellas.

A sociedade galaica mantén moitos dos trazos castrexos. Despois da conquista romana non podemos falar en Galicia de colonización propiamente dita dende un punto de vista social (sí económico), xa que o asentamento en territorio galego foi o mínimo necesario para poñer en funcionamento a estrutura administrativa e a organización dos conventos xurídicos. Tampouco houbo asentamentos de colonias agrícolas e, en xeral, a sociedade castrexa mantén moitos dos seus trazos definitorios trala dominación de Roma. Ata finais do século I seguen perdurando os *populi* e as *centurias* propias da organización social indíxena, mantense a aristocracia máis ou menos romanizada e, ao mesmo tempo, existen mecanismos de ascenso social que permiten acceder aos xefes castrexos a cargos importantes e gozar de prestixio social. En xeral, en Gallaecia non se implantou un sistema de produción de tipo escravista, e só podemos falar de escravos na explotación mineira. O

mesmo podemos dicir dos libertos (antigos escravos). Unha boa parte dos poucos casos coñecidos, tanto de escravos como de libertos, dependen ou dependeron do emperador, polo que actuaron en Gallaecia como funcionarios e a súa posición económica era moito mellor ca de moitos galaico-romanos libres.

No Alto Imperio a diferenciación máis clara na estrutura social ven dada pola aristocracia castrexa romanizada que colabora co poder imperial, e por outra banda a maior parte da poboación, o pobo indíxena. Neste momento esta oligarquía, cuxos nomes e costumes se latinizan, está á fronte das centurias que agora adoptan un sentido territorial e fiscal. As centurias serán substituídas no Baixo Imperio polo municipio e a *civitas*, e nese marco os xefes castrexos xa son plenamente romanos ao adquiriren a cidadanía romana a través da súa participación no exército, no culto imperial ou na vida municipal. En Gallaecia este é o nivel social máximo acadado xa que non existen senadores nin ecuestres (cabaleiros), e dicir, non se atopan os cargos máis elevados da sociedade romana para cuxo acceso eran necesarias unhas rendas moi elevadas non existentes en Galicia.

A extensión do dereito de cidadanía ás elites das provincias (concedido en Hispania por Vespasiano, o primeiro emperador flavio) é o principal mecanismo de ascenso social. Co título de cidadán romano a antiga aristocracia local consigue os plenos dereitos xurídicos e políticos e pode acceder aos cargos máis importantes. Esta relación privilexiada con Roma e promoción social á que acceden as clases altas indíxenas supón un dos principais factores de romanización.

Xa no Baixo Imperio a división social anterior segue vixente aínda que adaptada ao novo contexto económico. Existe unha clase poderosa, os *possesores* de las *villae*, ligada á administración civil e eclesiástica e propietaria das grandes fincas e outra clase inferior, os *humiliores*, colonos das *villae*, pequenos campesiños libres, escravos e libertos que continúan con algunhas das tradicións indíxenas aínda que xa dentro da cultura romana. Fronte os *humiliores*, os *possesores* son os representantes da cultura oficial romana e os que manteñen o poder e o control progresivo das terras ata desembocar na estrutura social medieval.

A introdución no noroeste hispánico de novas fórmulas relixiosas, a través das cales penetrará máis tarde o cristianismo, supón outro factor de romanización co cal esta zona se aproxima máis á cultura romana. En Xeral, no Alto Imperio seguen dominando as tradicións relixiosas locais e os deuses castrexos (Bandua, Nabia, etc.). Estes manteñen a súa forza ao longo dos dous primeiros séculos do Imperio e incluso a partir de aí sobreviven sustentados pola masa de poboación indíxena. A relixión castrexa non é substituída pola romana, senón polo cristianismo nunha época moi tardía. Polo tanto, por unha banda podemos falar da supervivencia das prácticas relixiosas castrexas pero tamén da introdución do panteón romano e do culto ao emperador. Estes dous últimos elementos constitúen os factores romanizadores no ámbito relixioso.

A asimilación das deidades clásicas prodúcese sobre todo nas cidades por parte das minorías latinas e da aristocracia indíxena romanizada. Merecen especial atención o culto a Marte, a Xúpiter ou os Lares Viales que non deixan de encubrir aos deuses dos camiños xa presentes na relixión castrexa.

O culto ao emperador supón un instrumento de cohesión política imposto polo poder central romano. En Gallaecia, se ben a relixión imperial ten pouca forza debido a que perdura a relixión castrexa, á importancia das institucións indíxenas e ao pouco desenvolvemento urbano, foi imposta polo exército nas capitais dos conventos e asimilada polas minorías poderosas. O emperador é o protector e o patrón de todos aqueles que buscan ascender socialmente.

O cristianismo penetra en Gallaecia en época tardía e non hai testemuñas das primeiras comunidades ata mediados do século III. Este xermolo da relixión cristián aparece na área leonesa e unha boa parte dos seus membros pertencen á Legio VII Gemina. Os desprazamentos dos destacamentos desta unidade militar ao norte de África (onde existían comunidades cristiáns) teñen un papel moi importante no proceso de cristianización do noroeste hispánico. No século IV aparecen outros pequenos núcleos cristiáns nas cidades que acabarán callando como sedes episcopais. No medio rural a

penetración da nova relixión foi moito menor debido á forza da tradición castrexa. No seu progreso xoga un papel fundamental o priscilianismo, movemento heterodoxo que se implanta fora das cidades ata época sueva e que conecta moi ben en algúns aspectos ca relixión indíxena. Este movemento relixioso contribúe de modo definitivo á difusión do cristianismo no medio rural galego.

Prisciliano, bispo de Ávila, foi condenado polo poder imperial e decapitado en Tréveris no ano 385 por ser o autor dunha doutrina considerada pola Igrexa como herexía. Nas súas teses criticaba a degradación da vida relixiosa do momento e a asociación da Igrexa co poder secular. Os cregos eran comerciantes, terratenentes e funcionarios públicos e participaban das intrigas políticas. Él pretende reformar a organización eclesiástica e propón o celibato e a dedicación exclusiva. Coa chegada ao poder do emperador Teodosio no ano 388 o priscilianismo vese favorecido, os seus detractores son excomungados e exiliados e os perseguidos máis relevantes convértense en mártires e comezan a recibir culto, sobre todo, a nivel popular. Se ben co cambio de poder no ano 407 (división do Imperio) os seguidores do priscilianismo volven a estar fora da lei, en Gallaecia, a raíz da invasión sueva, mantense a súa importancia aínda que vai ir perdendo forza ata desaparecer ao impoñerse oficialmente o cristianismo.

Ademais da importancia desde movemento priscilianista, a finais do século IV cabe destacar a presenza dun potente núcleo intelectual cristián, centrado en Braga, articulado en torno a figuras como Hidacio, bispo de Chaves, ou ao historiador Paulo Orosio, discípulo de San Agustín de Hipona. Ambos manteñen relacións frecuentes con Oriente e cos máis importantes pensadores da época e son protagonistas dunha verdadeira etapa de esplendor cultural en Gallaecia. As obras de Hidacio e Orosio constitúen ademais as principais fontes históricas para o coñecemento da chegada e asentamento dos suevos a Gallaecia.

A modo de conclusión debemos dicir que, a pesar da presenza en Gallaecia de elementos romanizadores como os analizados, o mantemento da cultura e as tradicións indíxenas e a súa integración na órbita romana son fundamentais para entender esta etapa histórica. A romanización de Gallaecia consistiu máis nunha explotación económica apoiada nunha estrutura política e administrativa bastante permisiva co autóctono en un substrato cultural integrador que non foi imposto polo poder senón asimilado pouco a pouco polas elites castrexas que se interesan por falar latín, vestir á moda romana ou asimilar coma seus outros trazos culturais porque lles permiten obter beneficios.

5. O REINO SUEVO E VISIGODO

Durante a segunda metade do século III o Imperio Romano vive inmerso nunha crise que o levará, posteriormente, a súa desaparición definitiva. Neste marco, en Gallaecia (xa provincia) prodúcense unha serie de transformacións que xunto coa chegada dos pobos xermánicos supoñen a caída do poder de Roma e o inicio dunha nova etapa histórica, a Idade Media.

Aínda que a crise do Imperio non se manifesta en Galicia ca mesma intensidade que noutras zonas, a finais do século III constátanse xa unha serie de cambios que supoñen o paso o paso á sociedade medieval. Por unha parte, prodúcese a penetración e difusión do cristianismo e, por outra, importantes modificacións da paisaxe galega que afectan tanto ao medio rural como ao urbano. Decae a explotación mineira, reocúpanse algúns castros, difúndense as *villae* (auténticos xermolos do feudalismo) e, ao mesmo tempo, reactívanse e fortifícanse as cidades (é o caso de Lugo).

A estes cambios internos hai que engadir a ameaza que supoñen, xa no século III, os pobos xermánicos (suevos, alanos e vándalos) establecidos ao longo da fronteira renana e danubiana do Imperio. Esta ameaza, que contribúe a desestabilización social e política do Estado romano, materialízase a principios do século V coa invasión destes pobos e o fraccionamento definitivo do Imperio romano.

Os suevos chegaron a Hispania no ano 406 e no 411 firmaron un pacto (*foedus*) co emperador Honorio polo que se lles entrega o oeste da provincia de Gallaecia e se garante así un asentamento pacífico. Como eran poucos, arredor duns trinta mil, nun principio establécense no convento bracarense e fixan a capital do seu reino en Braga. O rei suevo asume as funcións públicas do Estado romano e comprométese a manter a paz e a auxiliar militarmente a Roma. Durante as primeiras décadas os suevos, dirixidos polo seu rei Hermerico, manteñen unha actitude pacífica, boas relacións con Roma e un bo entendemento coa sociedade galaico-romana na que se integran progresivamente. Este período remata no ano 429 cando da comezo a súa política expansionista con campañas contra a Lusitania, a Bética e a Tarraconense onde son derrotados polos visigodos na batalla do Órbigo (ano 456). Entón, os visigodos saquean Braga e introducen ao reino suevo na súa órbita, facéndolles abandonar o cristianismo e converténdoos ao arianismo. A partir deste momento ábrese unha etapa pouco coñecida onde a existencia do reino suevo parece quedar supeditada ao tipo de relación mantida cos visigodos ata que a mediados do século VI o rei Teodomiro, bautizado, aparta a Gallaecia da órbita ariana visigoda e converte ao reino suevo novamente o cristianismo no ano 559. San Martiño de Dumio, bispo de Braga dende o ano 556, é a figura central do cambio político-relixioso que agora se produce e das reformas das institucións eclesiásticas de Gallaecia. O fin do enfrontamento suevo e visigodo chega no ano 585 cando Leovigildo anexiona definitivamente o reino suevo ao hispanovisigodo, dando así fin á súa existencia como reino independente aínda que é o seu fillo, Recaredo, quen ademais consigue unificar a relixión estatal, ordenando a conversión total, a raíz do III Concilio de Toledo (589). Baixo os visigodos, Gallaecia é un espazo ben definido gobernado por un *dux* propio emparentado ca monarquía que nalgúns casos chegarán incluso a converterse en reis de Toledo (é o caso de Wamba e de Vitiza).

A figura de San Martiño de Dumio ou de Braga é fundamental para entender a época sueva e para fixar o cristianismo como relixión de Gallaecia. A organización territorial diocesana e parroquial imposta por el apenas foi retocada ata a actualidade. San Martiño convoca varios concilios, crea mosteiros, igrexas e parroquias e sedes episcopais como mostran as numerosas advocacións o seu nome, integrando así as diferentes comunidades locais nunha rede organizativa que permite á Igrexa controlar o territorio e dominar á poboación reticente ao cristianismo. O bispo trata de erradicar as herexías e as tradicións pagás e priscilianistas, os ritos e as supersticións aínda moi arraigados nos habitantes de Gallaecia. San Martiño de Dumio morre no ano 579.

Ademais da organización territorial da Igrexa e do empuxe definitivo ao cristianismo da man do bispo de Braga, podemos atribuír aos suevos outros aspectos que perduraron no tempo como o sistema conciliar ou a concepción teocrática do poder. Algúns autores manteñen que son os suevos os que establecen o primeiro reino galaico unificado e independente, perdendo esa vida política propia trala súa incorporación o reino visigodo. Hoxe este feito valórase con moitas matizacións xa que parece que non foron eles os promotores dos cambios senón que simplemente favoreceron as transformacións xa postas en marcha na sociedade galega. Na época sueva definíronse os límites xeográficos básicos da futura Galicia e puxéronse as bases da organización comarcal e local. A pegada sueva queda tamén rexistrada na toponimia (Guitiriz, Distriz…) e nos escasos restos materiais e arquitectónicos como a igrexa de San Pedro de Rocas, aínda que moi alterada en época romana. Noutros casos é difícil saber si se trata de obras suevas ou visigodas como ocorre nos casos das igrexas de Santa Comba de Bande ou San Xoán de Panxón.

Polo demais, aínda que parece que agora ten lugar o abandono definitivo dos castros, a organización social e as formas de propiedade e cultivo da terra non experimentan grandes cambios. A poboación sueva recibe terras públicas para a explotación agrícola pero o predominio dunha sociedade xerarquizada e baseada na propiedade da terra segue sendo a nota definitoria na etapa sueva. Esta forma de poder e esta tendencia a considerar a terra como criterio de xerarquización social acentúase cos visigodos e permanece ata despois da invasión musulmá a principios do século VIII.

6. BIBLIOGRAFÍA

- ACUÑA CASTROVIEJO, F. e VÁZQUEZ VARELA, J.M. (coords.) *Galicia. Prehistoria e Historia Antigua*. A Coruña, Hércules de Ediciones, 1991.
- ARIAS VILAS, F. *A romanización de Galicia*. Vigo, A Nosa Terra, 1992.
- BELLO DIÉGUEZ, J.M. e PEÑA SANTOS, A, de la. *Galicia na prehistoria*. A Coruña, Vía Láctea, 1995.
- VILLARES PAZ, R. *Breve Historia de Galicia*, Alianza Editorial, Madrid, 2003.
- BARREIRO FERNÁNDEZ, X.R. e VILLARES, R (dir.) *A Gran Historia de Galicia*, Tomos 1-6, A Coruña, La Voz de Galicia, 2007.
- VV.AA. *Historia de Galicia*. Madrid, Ed. Alhambra, 1981.